

## LUÍS PIMENTEL

(poeta lugués - guerra civil)

### **Cunetas**

Outra vez, outra vez o terror!  
Un día e outro día,  
sen campás, sen protesta.  
Galicia ametrallada nas cunetas  
dos seus camiños.  
Chéganos outro berro.  
Señor, que fixemos?  
–Non fales en voz alta–.  
Ata cando durará este gran enterro?  
–Non chores, que poden escoitarte.  
Hoxe non choran máis que os que aman a  
Galicia–.  
Os milleiros de horas, de séculos,  
que fixeron falla  
para facer un home!  
Teñen que se encher aínda  
as cunetas  
con sangue de mestres o de obreiros.  
Lama, sangue e bágoas nos sulcos  
son semente.

Docemente chove.  
Enviso, arrodéame unha eterna noite.  
Xa non terei palabras pra os meus versos.  
Desvelado, pola mañán cedo  
baixo por un camiño.  
Nos pazos onde se trama o crime  
ondean bandeiras pingando anilina.  
Hai un aire de pombas mortas.  
Tremo outra vez de medo.  
Señor, isto é o home.  
Todas as portas están pechadas.  
Con ninguén podes trocar teu sorriso.  
Nos arrabais,  
bandeiras batidas i esfarrapadas.  
Deixa atrás a vila.

Ti sabes que todos os días  
hai un home morto na cuneta,  
que ninguén coñece aínda.  
Unha muller sobre o cadáver do seu home  
chora.  
Chove.  
Negra sombra, negra sombra!  
Eu ben sei que hai un misterio na nosa terra,  
mais alá da néboa,  
mais alá do mar,  
mais alá da chuva,  
mais alá do bosque.

## CELSE EMILIO FERREIRO

(poeta de Celanova - guerra civil/ solidariedade)

### **Irmaus**

Camiñan ao meu rente moitos homes.  
Non os coñezo. Sonme estranos.  
Pero ti, que te encontras alá lonxe,  
máis alá dos desertos e dos lagos,  
máis alá das sabanas e das illas,  
**coma un irmau che falo.**  
Se é túa a miña noite,  
se choran os meus ollos o teu pranto,  
se os nosos berros son iguais,  
**coma un irmau che falo.**  
Aínda que as nosas palabras sexan distintas,  
e ti negro e eu branco,  
se temos semellantes as feridas,  
**coma un irmau che falo.**  
Por enriba de tódalas fronteiras,  
por enriba de muros e valados,  
si os nosos soños son iguais,  
**coma un irmau che falo.**  
Común temos a patria,  
común a loita, ambos.  
A miña mau che dou,  
**coma un irmáu che falo.**

## CELSE EMILIO FERREIRO

(poeta de Celanova - guerra do Vietnam, anos 60)

Digo Viet Nam e basta  
Digo bomba de fósforo.  
Apenas digo nada.  
Digo lombriga e larva  
de carne podrecida.  
Digo nenos de nápalmo,  
terror de noite e selva,  
fedor de cidade e cloaca.  
Fame, suor, aldraxe,  
pugas de aceiro, antropofaxia.  
Digo guerra bestial,  
terror de terra, crime, lume, lava,  
estoupido, verdugo  
e mortandade en masa.  
Digo gas abafante.  
Apenas digo nada.  
Digo yanqui invasor,  
depredador de patrias.  
Digo plutonio, pentágono,  
esterco bursátil, palanca,  
Presidente, gadoupa,  
chuvia, amargura, baba.  
Digo petróleo, ferro,  
mineral, trampa,  
lobo, caimán, polaris, cóbrega, miseria,  
diplomacia.

Digo devastación que USA, usa.  
Apenas digo nada.  
Digo Viet Nam i está xa dito todo  
cunha soia palabra.  
Pra abranguer a vergonza do mundo,  
digo Viet Nam e basta.

## WISŁAWA SZYMBORSKA

(poeta polaca - II Guerra Mundial e guerra do Vietnam, nos anos 60)

### ***Vietnam***

Muller, como te chamas?  
—Non sei.  
Cando naciches, de onde es?  
—Non sei.  
Por que escavaches esta gorida na terra?  
—Non sei.  
Dende cando te agochas aquí?  
—Non sei.  
Por que me mordiches no dedo anular?  
—Non sei.  
Sabes que non che imos facer nada malo?  
—Non sei.  
De parte de quen estás?  
—Non sei.  
Agora estamos en guerra, tes que elixir.  
—Non sei.  
A túa aldea aínda existe?  
—Non sei.  
Estes son os teus fillos?  
—Si.

WISŁAWA SZYMBORSKA

(poeta polaca - II Guerra Mundial e guerra do Vietnam, nos anos 60)

***Fin e principio***

Despois de cada guerra  
alguén ten que limpar.  
Porque a orde tal cal,  
soa non se fai.

Alguén ten que botar os cascallos  
na beiravía da estrada  
para que poidan pasar  
os carros cheos de cadáveres.

Alguén ten que afundirse  
entre a lama e as cinzas,  
os resortes dos sofás,  
as estelas de cristal  
e os trapos sangrentos.

Alguén ten que arrastrar unha viga  
para aguantar dunha parede,  
alguén poñer os cristais nunha xanela  
e colocar unha porta nas bisagras.

Fotoxénico isto non é  
e precisa anos.  
Todas as cámaras partiron xa  
a outra guerra.

As pontes fan falla outra vez  
e as estacións de novo.  
En farrapos quedarán as mangas  
de arremangarse.

Alguén coa vasoira nas mans  
lembra aínda como foi.  
Alguén escoita

asentindo coa cabeza non arrincada.  
Pero preto súa  
comezaranse a xirar estes  
aos que lles vai aburrir.

Alguén ás veces aínda  
escavará debaixo dun arbusto  
argumentos machicados pola ferruxe  
e levaraos ao montón do lixo.

Aqueles que sabían  
o que aquí pasou,  
teñen que ceder o lugar  
aos que saben pouco.  
E menos que pouco.  
E por fin tanto como nada.

Na herba que cobre  
as causas e as consecuencias,  
ten que haber alguén tombado  
cunha espiga entre os dentes  
e ollando embobado ás nubes.

## WISŁAWA SZYMBORSKA

(poeta polaca - II Guerra Mundial e guerra do Vietnam, nos anos 60)

### **O odio**

Miren que eficiente siempre,  
que ben se conserva  
no noso século o odio.  
Que lixeiramente toma os altos obstáculos.  
Que fácil para el saltar, agarrar.

Non é como outros sentimentos.  
É ao mesmo tempo máis vello e máis novo.  
El mesmo orixina os motivos  
que o espertan á vida.  
Se dorme, nunca é un soño eterno.  
O insomnio non lle resta forza, máis ben dálle.

Relixión si, relixión non  
—con tal de axeonllarse na saída.  
Patria si, patria non  
—con tal de botar a correr.  
O bastante bo e a xustiza para comezar.  
Despois xa voa só.  
O odio. O odio.  
O seu rostro defórmao un xesto  
de éxtase amoroso.

Ai, eses outros sentimentos,  
enfermizos e torpes.  
Desde cando a irmandade  
pode contar con multitudes?  
A compaixón algún día  
alcanzou primeira a meta?

Cantos seguidores leva consigo a incerteza?  
Leva unicamente el, que sabe o seu.

Talentoso, intelixente, moi traballador.  
Cómpre dicir cantas cancións compuxo.  
Cantas páxinas da historia numerou.  
Cantas alfombras de xente estendeu en  
cantas prazas, estadios.

Non nos enganemos:  
sabe crear beleza.  
Magníficos son os seus resplandores na negra noite.  
Excelentes fumaredas de explosións no amencer  
rosado.  
Difícil negarlle patetismo ás ruínas  
e un choqueiro humor  
da columna robustamente erixida entre elas.

É un mestre do contraste  
entre o estrondo e o silencio,  
entre o sangue vermello e a neve branca.  
E por riba de todo xamais aborrece  
o motivo do torturador esmerado  
sobre a vítima deshonorada.

Para novos cometidos en cada momento preparado.

Se ten que agardar, agarda.  
Disque é cego. Cego?  
Ten o fino ollo do francotirador  
e ousadamente mira cara ao futuro  
—el só.

## UXÍO NOVONEYRA

(poeta do Courel - guerra civil e guerra do Vietnam  
nos anos 60)  
CUMES CUMES CUMES COM'ESTES ECHEN  
UNHA VEZ POR CADA MORTE

VIETNAMMMMMMMMMMM (x5)

metan na casa a verba na cociña na mesa na cama xa está  
e calar  
calarcalaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaaarr  
hastr'o berro que te acusa USAUSAUSAUSAUSAUSA

un  
morto  
dous mortos  
tres / trinta mortos  
trescentos / tres mil mortos  
OFENSIVA DO TEIT 22000 / 100000 mortos  
tódalas os se volven ceros 00000000000000000000  
baixo de cada un 10 / 100 / 1000 / 10000 mortos á  
máquina  
difuntiños que a noite acolle entre cañas baixo o torbón  
do monzón  
na lua do TEIT

dá vergonza vivir  
dá vergonza estar vivo e ver a PRIMAVERA

cándo remata un pobo?  
un pobo nace sempre  
non remata nuncanuncanuncanuncanuncanunca

seino por vós  
pobo como o meu  
GALICIA pequeniña  
sola cousa de todos

mortos mortos (x15)  
mortos caíndo polos teletipos  
lúas de LI PO afondadas pra que a lus seña a A de  
LIBERTÁAAAAAAAAAAAAAAAAAAAAA

ouh cánto teño de vós pequeno que son de esta paz  
morta

noitenote partir esta n / o / i / t / e  
en anacos que en cada un só caiba  
un home en pé

entran nas cidades do SUL ESTE lonxe  
e xa todas son a aldeíña dó lado

HUE SAIGON DANANG  
con irmaos e parentes meus  
galegos de a diario  
mais que nono esqueceron como nolo esquecemos  
tanto que ás veces perto chaman home  
e  
ollamos por quén.

non son eu tamén  
quen eiquí quedo  
que estou matando eilí  
luxando GALICIA como luxan  
KANSAS NEW JERSEY CALIFORNIA COLORADO  
IOWA  
nomes tan limpios?

perdón por esta paz  
PAZ en carteles xunto a COCACOLA  
PAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZPAZ  
pra tapar tanto tanto  
muro

valeiránnolos nomes  
mais inda  
indainda pobo  
podo decir o teu con forza  
inda se pode decir o teu nome dos que alá cain  
podemos

deles temos de novo nome: home pobo  
/ MARÍA MARIÑO dinamiteira da FALA /  
home- pobo home- pobo

aquí por siglos foi un pobo como é o meu  
o meu por anos foi un pobo como é aquíl

IRMANDIÑOS DE GALICIA VIETCONG

entre miña mai ANA amos iles  
entreilesamorANA ti  
tres estudantes en LUGO sin os nomes  
en VIGO MÉNDEZ FERRÍN co'il  
evós MARÍAMARIÑO CHÉbágoas1967

non  
eu sei que cantar non é igoal  
perdón tamén por iste tempo cas palabras  
anque sinceiras tein tarde polos lados  
e puntos suspensivos calcados do refrigerador dun cañón

## MARWAN MAKHOUL

(poeta palestino - 40 anos)

Para escribir unha poesía  
que non sexa política  
debo escoitar os paxaros  
Pero para escoitar os paxaros  
fai falla que cese o bombardeo.

## MEDOS ROMERO

(poeta das Pontes - crise migratoria do Mediterráneo)

Ter un fillo sen patria,  
sen fogar algún,  
morto nun brazado de area.

Parir fillos sen nome  
para enterralos no mar  
entre costas de ningures.

Fillos mouros da friaxe  
e da noite, da fame  
e das pateras.  
Fillos...

## DANIEL SALGADO

(poeta de Monterroso - crise migratoria do Mediterráneo)

Estar aquí,  
así,  
algo vivo,  
contra o mar,  
entre autobuses,  
doe,  
pero menos  
que nun campamento  
de refuxiados.

## MANUEL MARÍA

(poeta da Terra Chá - guerra civil e do Vietnam, nos 60)

### *Proclamación de guerra*

Declárolle a guerra á guerra, ao odio, ao racismo, á intolerancia, aos contaminadores, á inxustiza, á fame, aos que empobrecen o mundo trabucando unanidade e uniformismo... Conquerida a xustísima vitoria -dela non dubidamos- instauraremos o amor, a paz, a comprensión, a verdade, a ternura e a beleza, mudando a nosa vil e humana condición de violenta, miserable e agresiva en pacífica, xenerosa e fraternal.

No futuro –ata a fin dos séculos-  
abriremos ao resplandor do día:

intimidade, portas e fiestras...  
gobernaremos a luz e, no universo,  
A VIDA  
triunfará sobre a morte para sempre.

## GLORIA FUERTES

(poeta madrileña - guerra civil)

O meu partido é a Paz.  
Eu son o seu líder.  
Non pido votos,  
pido botas para os descalzos  
—que aínda hai moitos—.

"Sen a traxedia da guerra quizais nunca tería escrito poesía".

## ÁNGELA FIGUERA AYMERICH

(poeta vasca - guerra civil e ditadura)

Onde vexas

que o látigo ou a espada se levantan  
que a prisión redobra os seus ferrollos  
que os fusís ameazan morte  
achégate e, a peito descuberto,  
lanza un tremendo NON que salve o  
mundo.

(Republicana -> acabou a guerra e quitáronlle a praza  
de profesora e o título universitario: quedou na rúa,  
sen nada).

## FADWA TUQÁN

("A" poeta palestina)

"Liberdade"

A miña "Liberdade"

Palabras que me resoan na boca

espesaderabia

debaixo da ráfaga de disparos en  
medio do lume a pesar do peso  
das miñas cadeas e a noite  
persisto sobre os brotes de ira.

"Liberdade" A miña "Liberdade"

Vou tallar estas palabras no  
mundo cicelar os seus sons en  
cada puerta de Levante no  
Templo da Virxe no seu altar  
sagrado nos regos do campo

enriba da ladeira

debaixo da pendente de cada esquina

dentro da prisión

na cámara de tortura.

Vou gravar as palabras

na madeira da miña forza

sen importarme as esposas

a destrución das nosas casas.

Repito:

"Liberdade"

A miña "Liberdade"

Deixa que as palabras sexan unha faísca que se  
estenda

cubriendo cada centímetro da

miña terra nativa

mesmo as tumbas

que quizais mire

A Liberdade Vermella

peta en cada porta

e ilumina na oscuridade

arrasando coa neboeira.

## MIGUEL HERNÁNDEZ

(poeta alicantino - guerra civil)

Tristes guerras

se non é amor a empresa.

Tristes, tristes.

Tristes armas

se non son as palabras.

Tristes, tristes.

Tristes homes

se non morren de amores.

Tristes, tristes.

ELENA GALLEGO ABAD

(poeta ourensá - guerra de Ucraína)

#### INCERTEZAS EN TEMPOS DE GUERRA

Derrúbase o mundo que crías seguro,  
o frigorífico esta cheo  
de incógnitas por desvelar.  
Os refuxiados da barbarie  
son os teus veciños  
expatriados.  
Onte viaxaban en Primeira Clase,  
hoxe desgastan os pes  
nas estradas bombardeadas.  
A revolución non é nosa  
pero destrúe o que fomos.  
Asistimos sen poder evitalo  
á desaparición dos nosos soños  
no baleiro das incertezas.  
Teñomedo.  
Teño medo de perder o que son.  
Cando vexo os telexornais  
temo que a próxima nova  
sexa a derradeira.

FADWA TUQAN

("A" poeta palestina)

Só quero morrer na miña terra,  
que me enterren nela,  
fundirme e esvaecerme na súa  
fertilidade  
para resucitar sendo herba na miña  
terra,  
resucitar sendo flor  
que desfolle un neno que medrou  
no meu país.

Só quero estar no seo da miña patria  
sendo terra  
herba  
ou flor.